



SECRETARÍA XERAL
Xestión de Xuntas de Goberno
2025/G007/000022

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 29 de outubro de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“15. APROBACIÓN DAS BASES E DA CONVOCATORIA DA 33ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO, AÑO 2025.-

PROCEDEMENTO.- Convocatoria de subvencións

EXPEDIENTE.- 2025/A002/000019

CELEBRACIÓN DA 33ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO 2025

ANTECEDENTES

I.- O Concello de Arteixo a través da Concellería de Promoción Económica e Festas, desenvolve dende o ano 1992 o Feirón do Galo de Nadal, evento coñecido tamén coma Feira do Galo. A data de celebración está instaurada dende o seu nacemento como o sábado anterior á Noiteboa, facendo que coincida coa Feira dos Sábados, polo que a celebración neste ano deberá coincidir co sábado 20 de decembro.

O evento ten a súa orixe no Feirón Comercial que se celebra en Arteixo. Con esta actividade, que se desenvolve nas mañás dos sábados ao longo de todo o ano, nun momento determinado, decídese organizar eventos monográficos cunha periodicidade anual. Debido a unha evolución natural só o Feirón do Galo de Nadal perdurou ata os nosos días debido a diversos factores, entre os que se encontran, a numerosa afluencia de público e a identificación da poboación de Arteixo coa tradición do galo nas datas de Nadal. O galo de curral, cociñado en diversas formas, é un prato típico nos fogares arteixáns na Noiteboa, como noutros lugares pode ser o pavo, o bacallau ou outros, por iso é que a súa celebración coincide sempre no



sábado anterior a Noiteboa, co fin de que todos os interesados poidan mercar os mellores galos para esa cea tan especial e familiar.

II.- Este evento ten por finalidade promover a actividade comercial e hostaleira do municipio nesas datas, a vez de fomentar e promocionar as feiras tradicionais do municipio e incentivar a participación tanto no plano individual como no colectivo nas actividades de promoción comercial, gastronómica e turística do Concello.

III.- Vista a providencia de inicio asinada polo Concelleiro de Promoción Económica e Festas, en data 14-10-2025, con CVD: vNGrAtpxJxZmPnUkHfZC.

IV.- Visto o informe favorable emitido polo Técnico de Promoción Económica, en data 14 de outubro de 2025, con CVD: PXcj6/nlabGgyyKMG0WG, sobre á proposta de celebración da 33ª Edición da Feira do Galo 2025.

Por todo o exposto, previa fiscalización propónse á Xunta de Goberno Local a adopción, se procede, dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Autorizar a celebración do evento denominado “33ª Edición da Feira do Galo de Nadal 2025”.

SEGUNDO.- Aprobar as bases e convocatoria para a celebración do concurso da “33ª Feira do Galo de Nadal 2025” co seguinte teor literal:

“BASES DA 33ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO DE NADAL 2025

1.- O Concello de Arteixo, a través da Concellería de Promoción Económica e Festas convoca a “33ª Edición da Feira do Galo do Nadal 2025”.

2.- Poderán participar neste concurso todas as persoas físicas que presenten ao concurso galos vivos de curral ou cestas con galos de curral preparados.

3.- Para inscribirse no concurso, deberán entregar entre as 8:00 h e as 11:00 h do día 20-12-2025, aos responsables municipais da Feira unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado a tal efecto e que se transcribe deseguido:

SOLICITUDE DE INSCRICION NO 33ª EDICIÓN DA FEIRA DO GALO DE NADAL 2025

Número:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Nome do Criador:

DNI:

Teléfono:

Peso:

Procedencia

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.

4.- Os galos vivos e as cestas con galos preparados serán examinadas polo xurado o día 20-12-2025, entre as 11:00 e as 12:00 horas.

5.- O xurado estará composto por:

- a. Tres expertos criadores de galos ou veterinarios/as.
- b. Un técnico/a da Concellería de Promoción Económica e Festas ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario/a do xurado.

6.- Establécense dúas categorías de premios dotados coas seguintes contías:

- Categoría de Galo Vivo:

1º Mellor galo vivo – 300,00 euros (trescentos euros)

2º Mellor galo vivo – 250,00 euros (douscentos cincuenta euros)

3º Mellor galo vivo – 200,00 euros (douscentos euros)

4º Mellor galo vivo - 150,00 euros (cento cincuenta euros)

5º Mellor galo vivo – 100,00 euros (cen euros)

- Categoría de Cesta de Galo Preparado:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



1º Cesta mellor presentada - 275,00 euros (douscentos setenta e cinco euros)

2º Cesta mellor presentada - 225,00 euros (douscentos vinte e cinco euros)

3º Cesta mellor presentada - 175,00 euros (cento setenta e cinco euros)

4º Cesta mellor presentada - 125,00 euros (cento vinte e cinco euros)

5º Cesta mellor presentada - 75,00 euros (setenta e cinco euros)

7.- Os premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante cheque bancario o día da celebración, por parte dos responsables da Feira Municipal.

8.- Non poderán obter a condición de premiados as persoas nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, en relación co artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

9.- O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

10.- A adxudicación dos premios farase seguindo a orde de prelación das solicitudes de participación no concurso en base os seguintes criterios obxectivos dos galos presentados:

- Ser de curral
- Alimentado con millo
- Criado en liberdade
- Tempo ideal de crianza dun ano ou ano e medio
- Plumaxe louro ou moreno
- Crista grande



- Patas dereitas e amarelas

11.- O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, e darase a coñecer as 13:00 do día 20-12-2025.

12.- O feito de participar no concurso significa a aceptación das bases.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.875,00 € en premios con cargo a aplicación orzamentaria 241.48100, e de 258,82 € para a asistencias do xurado especializado, colaboradores e figurante con cargo a partida orzamentaria 241.22627.

CUARTO.- Aprobar a venda de rifas a 5,00 € pola entrega dos agasallos previstos con motivo deste evento, e que a recadación acadada se reparta entre as entidades sen ánimo de lucro que desenvolven as súas actividades de orientación e promoción da acción caritativa e social nas parroquias de Oseiro, Pastoriza e Arteixo.

QUINTO.- Dar traslado dos acordos aos Departamentos de Intervención, Tesourería e de Promoción Económica.

SEXTO.- Proceder á publicación das bases na BDNS e no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Asdo. dixitalmente.- Angel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica e Festas

****** Polo Secretario Xeral, dase conta que obra no expediente informe de Intervención (CVD: nfznO01ln01JM4sXphiH), emitido pola Viceinterventora Municipal, Dña. Luz María Villa Álvarez, en data 23 de outubro de 2025 coa seguinte conclusión:

“Tendo en conta o anterior, conclúese que o expediente cumpre formalmente cos requisitos legais establecidos e nos aspectos comentados informándose favorablemente, debendo o Concello practicar unha retención do 19% no suposto de que as bases impositivas dos premios superen os 300,00€ en aplicación dos arts. 33.1 (calificación dos premios como ganancia patrimonial) e 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas (Consulta de la Dirección General de Tributos V3668-20).”



Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 2005/2023 de data 19 de xuño do 2023, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.